



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 22 DE XANEIRO DE 2013

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D.^a OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO
D. FERNANDO VILAR DÍAZ
D. JUAN PUENTES CALVO

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e dous de xaneiro de dous mil trece baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, réunense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Disculpa a súa asistencia D. Marcos Rodríguez Calvo.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2012

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e nove de decembro de dous mil doce.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. LICITACIÓN E CONTRATACIÓN DA OBRA PORTAL DE ENTRADA ÁS FRAGAS DO EUME - A CAPELA. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da proposta que foi informada favorablemente na Comisión Informativa de asuntos do pleno realizada o derradeiro día dezasete de xaneiro de dous mil trece, nela propoñíase que se utilice como procedemento de contratación o sistema negociado sen publicidade, xa que se corre o risco si se emprega a subhasta ou o concurso de que veñan moitas empresas e que se faga unha baixa moi importante e que despois a obra quede tirada, ademáis debe de estar rematada o trinta de xuño aínda que cabería unha prórroga de tres meses.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández para referirse ao xa manifestado na Comisión Informativa de asuntos do Pleno, no senso de sondear se hai algunha empresa na Capela que reúna as condicións para poder facer a obra, debe dárselle a oportunidade; non un trato de favor.

Manifesta así mesmo que é importante que a obra poida estar rematada e en funcionamento para o verán, xa que sería unha axuda moi importante para o sector servizos do Concello.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise coincidir co manifestado polo voceiro do Partido Popular, no sentido de que se debe mirar se hai algunha empresa da Capela que teña capacidade para facer a obra; aínda que quizás non é o mellor sistema o de procedemento negociado o que hai que evitar e que veñan 50 empresas con baixas desproporcionadas e despois a obra quede tirada, e sobre todo o máis importante é que se faga polo equipo de goberno un seguimento da obra, xa que ata o de agora era un chollo vir traballar á Capela, e fai referencia a obras con deficiencias como a do campo de fútbol, escola de Guitriz, etc.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo sulíñase que independentemente do sistema de contratación que se empregue canto antes se acabe, mellor. Lembra que neste asunto evitouse o consenso sobre ubicación do portal que propuxo o BNG e considera que o sitio non é o axeitado. Remata a súa intervención sinalando que tén dúbidas sobre a restrición da convocatoria que vai supoñer o emprego do procedemento negociado sen publicidade, e que sería mellor empregar o negociado con publicidade.

Toma de novo a palabra o voceiro de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, para dicir que el cando interviu na Comisión informativa referiuse ao procedemento negociado con publicidade, pero a pesares do mesmo apoiará igual a proposta da alcaldía de empregar o sistema de procedemento negociado sen publicidade.

Polo Sr. Alcalde-Presidente reitérase que neste caso é bo empregar o sistema de procedemento negociado sen publicidade de cara a que a obra se execute con garantías.

Remata o debate o voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, reiterando que pensa que o procedemento que se debe de empregar é o de negociado pero con publicidade.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por maioría de votos (7 votos a favor da aprobación da proposta da Alcaldía dos Sres. Concelleiros/as dos Grupos municipais do PS de G - PSOE, PP e AIAC e 1 voto en contra do Concelleiro do Grupo Municipal do BNG), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente para a licitación e contratación da obra denominada "Portal de entrada ás Fragas do Eume - A Capela", cun orzamento que ascende á cantidade de 114.384,79€ IVE engadido, cofinanciada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Deputación de A Coruña, ao abeiro do establecido nos artigos 109 e 110 do RDL 3/ 2011 do 14 de novembro, TRLCSP.


2º. Empregar como sistema de licitación e contratación o de procedemento negociado sen publicidade.

3º. Empregar como prego tipo de cláusulas administrativas particulares, para a licitación e contratación da obra de referencia as aprobadas pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, e publicadas no BOP número 103 de data 1 de xuño de 2012

4º. Aprobar o gasto correspondente á licitación e contratación da obra que ascende á cantidade de 114.384,79€ IVE 21 % engadido.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas doce minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,



Manuel Meizoso López

O Secretario,



Concello da Cabeza da Coruña
SECRETARIA
(A CORUÑA)

José A. Meizoso Paz